

galega». Para dar cumprimento a este mandato legal, a Comisión Avaliadora de Xustiza e Administración Local convoca unha proba ou exame propedeutico de lingua galega para aqueles funcionarios de Corporacións Locais que, tendo superados os cursos de iniciación e perfeccionamiento, queiran acceder ós cursos de nivel medio.

Decreto 116/1991, do 27 de marzo, polo que se determinan os nomes oficiais de decesito parroquias.

O artigo 10 da Lei 3/1983, de normalización lingüística establece que «os topónimos de Galicia terán como única forma oficial a galega». Segundo o meso artigo, apartado 2, a potestade de fixa-la toponimia galega correspóndelle á Xunta de Galicia.

Dúas Ordes —unha do 30 de abril e outra do 30 de maio—, determinan os nomes oficiais dunha manchea de parroquias.

2. *Consellería de Cultura e Xuventude*

Orde do 25 de xaneiro de 1991, pola que se convocan subvencións para a produción editorial en galego.

Esta Orde dá cumprimento á Disposición Adicional da Lei 3/1983, de Normalización Lingüística e o que dispón o Decreto 173/1982. A Consellería considera imprescindible acada-lo maior grao posible de normalización no mundo editorial.

A contía de cada subvención non poderà sobrepasa-la cantidade de catrocentas cincuenta mil pesetas por libro, consistindo no equivalente ó 75 % do prezo de venda ó público (sen IVE) dun máximo de: a) narrativa 10 % dos exemplares editados, ata un límite de 300; b) poesía, investigación ou ensaio, 15 % dos exemplares editados, ata un límite de 300; c) infantís e xuvenís, 20 % dos exemplares editados, ata un límite de 500.

Unha Orde, do 7 de Agosto de 1991, regula as subvencións á produción audiovisual en lingua galega.

A contía da subvención, segundo o artigo 3 da Orde, queda determinada do xeito seguinte:

- 3.1. Proxectos de curtametraxe: o 60 % como máximo do custo total.
- 3.2. Proxectos de longametraxe: o 40 % como máximo do custo total.
- 3.3. Proxectos de video-creación: o 60 % como máximo do custo total.
- 3.4. Proxectos de programa piloto de series de televisión: o 50 % como máximo do capital.

3. *Consellería de Educación e Ordenación Universitaria*

Por primeira vez, a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria a través de súa Dirección Xeral de Política Lingüística convoca cursos de lingua galega para territorios limítrofes a Galicia nos que se fala o galego. Unha Orde do 28 de xaneiro de 1991 anuncia un curso de iniciación e outro de perfeccionamento de lingua galega para os membros de Mesa pola Defensa do Galego no Bierzo.

A Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística, dispón no seu artigo 21.2: «O Goberno galego fará uso do previsto no artigo 35 do Estatuto de Autonomía coa fin de protexer-la lingua galega falada en territorios limítrofes coa Comunidade Autónoma».

Orde, do 28 de xaneiro de 1991, pola que se convocan doce cursos de formación de profesores especialistas en lingua galega.

A teor do disposto no Decreto 81/1982, do 29 de abril, que establece a obrigatoriedade do ensino da lingua galega nos distintos niveis do noso sistema educativo e de acordo coa Orde, do 6 de abril de 1983, que regula os cursos de iniciación, perfeccionamento e especialidades nos niveis de preescolar e educación básica, convócanse cursos de especialización en lingua galega para profesores de preescolar ou educación básica en trece vilas e cidades.

Orde, do 31 de xaneiro de 1991, pola que se aproban os cuestionarios de lingua e literatura galegas que rexerán nas oposicións ó corpo de profesores de ensino secundario.

Apróbase o cuestionario para a disciplina de lingua e literatura galegas que figuran no anexo correspondente ó corpo de profesores de ensino secundario. O programa contén oitenta e cinco temas.

Orde do 7 de febreiro de 1991, pola que se regula a concesión de subvencións a entidades da Administración Local para a realización de cursos de lingua galega.

Habilita a Consellería unha partida presupostaria de cinco millóns de pesetas para a organización de cursos de lingua galega para funcionarios de Administración Local.

Orde, do 13 de febreiro de 1991, pola que se aproba e publica o programa de lingua galega para o curso de orientación universitaria.

O Decreto 101/1982, estable e regula o ensino da lingua e literaturas galegas no curso de orientación universitaria, fundándose nos principios e disposición que se invocan nas súas motivacións, prescribese no seu artigo

terceiro que os programas de lingua e literatura galegas deberán desenvolverse de acordo cos contidos e normas que estableza a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria. Consonte co Decreto, o artigo único aproba os programas de lingua galega para o curso de orientación universitaria.

O programa proposto ten dous bloques temáticos fundamentais: dunha banda o que recolle os contidos relativos á historia da lingua e á sociolingüística, doutra, o referido ó coñecemento da gramática galega e á construción dos textos.

O mesmo Decreto derroga o anexo da resolución do 3 de decembro de 1982, pola que se aproban e publican os programas de lingua e literatura galegas para o curso de orientación universitaria no relativo á lingua galega.

Orde, do 6 de febreiro de 1991, pola que se regulan axudas a empresas editoriais para a edición de libros e materiais didácticos para niveis non universitarios, impresos en lingua galega.

Regúlanse as axudas para a publicación de libros e material didáctico de niveis non universitarios publicados en galego. Quedan excluídos do ámbito de aplicación desta Orde as publicacións seguintes: *a)* Libros de bibliófilo; *b)* Publicacións correspondentes a entes públicos; *c)* Libros publicados por clubs de libros ou semellantes destinados a seren distribuídos por clubs de libros ou semellantes destinados a seren distribuídos entre os seus subscritores; *d)* Libros dos que a súa venda se realice a prazos, e *e)* Libros que, publicados no ano 1991, recibiron xa ou teñen asignado algún tipo de axuda con cargo ó exercicio de 1991 por parte dalgun ente público.

Orde, do 18 de febreiro de 1991, pola que se convocan encontros de formación en lingua galega para os coordinadores dos equipos de normalización lingüística dos Centros de ensino non universitario da Comunidade Autónoma de Galicia.

A convocatoria ten a súa razón de ser nas ordes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, do 12 de xuño e do 26 de xullo, polas que se regulaban a organización das actividades docentes para o curso 1990/91 nos centros de bacharelato, de formación profesional e institutos de educación secundaria e profesional.

Orde, do 29 de maio de 1991, pola que se aproba e publica o programa de literatura galega para curso de orientación universitario.

Esta Orde desenvolve o Decreto 101/1982, do 11 de agosto (DOG

do 18 de agosto), polo que se establece e regula o ensino da lingua e literatura galegas no curso de orientación universitària, fundándose nos principios e disposicións que se invocan na súa motivación.

Orde, do 16 de xullo de 1991 pola que se convocan cursos de formación en lingua galega para asociacións e entidades culturais.

Para dar cumprimento á Lei 3/1983, de normalización Lingüística e Orde do 5 de febreiro, pola que se regula a concesión de subvencións a asociación e entidades culturais para a realización de cursos de lingua galega, convócanse cincuenta cursos de lingua galega.

1.5. PAÍS VALENCIÀ

Ernest GONZÀLEZ i FABRA

Tècnic de la Generalitat Valenciana

El fet més notable esdevingut al País Valencià durant el període comprès entre juliol de 1990 i juny de 1991, en el terreny de les disposicions legals en matèria lingüística, ha estat, sens dubte, la creació de la Direcció General de Política Lingüística. La Llei de la Generalitat Valenciana 7/1990 de 28 de desembre de pressupostos per a l'exercici 1991 (DOGV núm: 1453 de 31 de desembre) preveí en la disposició adicional 10a l'existència d'aquest nou òrgan administratiu en substitució de l'antic Gabinet d'Ús del Valencià per a assumir «les tasques de normalització derivades de les competències reconegudes en l'Estatut d'Autonomia i regulades per la Llei d'ús i ensenyament del valencià, especialment en allò referit a l'ús social de la llengua». Per a això se li dotà pressupostàriament amb els recursos assignats al Gabinet i amb la seua infraestructura. En la mateixa disposició s'atorgava al Consell un termini màxim de tres mesos per adscriure el nou departament a una conselleria, regular-ne la composició i facultats i nomenar-ne els responsables. El Decret 50/1991, de 27 de març, del Consell de la Generalitat Valenciana (DOGV núm. 1517 de 9 d'abril; correcció d'errades al DOGV núm. 1534 de 3 de maig) adscrigué aquesta nova direcció general a la Conselleria de Cultura, Educació i Ciència, tot establint les funcions i estructura administrativa. Al mateix diari oficial, mitjançant el Decret 57/1991, de 27 de març, del Consell de la Generalitat Valenciana es nomenà com a primer director general el senyor Jesús Huguet i Pascual. L'elevació del rang jeràrquic de l'òrgan encarregat de la normalització lingüística era necessària, tant en el sentit d'augmentar la